

**PROXECTO DE
NORMALIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA
NOS ÁMBITOS
ASOCIATIVO E DEPORTIVO
DO CONCELLO DE ZAS**

**SERVIZO DE
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA
CONCELLO DE ZAS**

ÍNDICE

0. PRESENTACIÓN

1. CONTEXTO

1.1 O Concello de Zas

1.1.1 Datos físicos

1.1.2 Historia

1.1.3 Poboación

1.1.4 Economía e industria

1.2. Lingua

1.2.1 Área dialectal

1.2.2 Usos do galego

1.2.2.1 Datos comarcais. *A sociedade galega e o idioma (1992-2003)*

1.2.2.2 Datos do concello. *A Enquisa de condicións de vida das familias, 2001*

1.3. Tecido asociativo do Concello de Zas

1.3.1 Tecido asociativo por sectores

1.3.2 Tecido asociativo por parroquias

2. DESTINATARIOS

3. OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos xerais

3. Obxectivos específicos

4. ACTIVIDADES

5. TEMPORALIZACIÓN

6. RECURSOS

7. ORZAMENTO

8. AVALIACIÓN

ANEXOS

I. Carta do alcalde presentando a actividade

II. Enquisa que se enviará as asociacións

III. Modelo de convenio

0. PRESENTACIÓN

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, declara ao galego como a lingua propia de Galicia, proclama a súa oficialidade e confírelles aos poderes públicos a obriga de potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa.

A Lei de normalización lingüística de Galicia, no seu artigo 25 establece que o Goberno galego e as Corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas, e outras.

O Plan Xeral de Normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004, presenta obxectivos e medidas concretas referidas aos ámbitos do asociacionismo e do deporte.

Tendo en conta que o tecido asociativo e deportivo do concello de Zas presenta unha diversidade e unha vitalidade que fan del un referente fundamental á hora de programar e aplicar políticas e accións de normalización lingüística, presentamos este proxecto para a normalización lingüística do ámbito asociativo e deportivo do concello de Zas.

Presentamos distintas medidas que contribuirán ao incremento do uso da lingua galega por parte das asociacións e dos clubs deportivos do municipio, á creación de redes apoio á lingua galega e a mellora da eficacia das axudas públicas para acadar procesos duradeiros de galeguización destes sectores.

As medidas que se presentan neste plan son a medio prazo. Desenvolveranse ao longo do último trimestre do ano 2009 e de todo o ano 2010.

A finais do 2010 realizarase unha primeira avaliación dos resultados que permitirá, de se dar o caso, reenfocar algunhas das medidas propostas ou propoñer novas actuacións.

1. CONTEXTO

1.1 DESCRICIÓN DO CONCELLO

1.1.1 Datos físicos

O concello de Zas forma xunto cos de Camariñas e Vimianzo a comarca da Terra de Soneira.

Linda polo norte co concello de Cabana de Bergantiños, polo sur co concello de Mazaricos, polo leste cos concellos de Coristanco e Santa Comba e polo oeste cos concellos de Laxe e Vimianzo.

Ten unha extensión de 131 quilómetros cadrados e está conformado por 16 parroquias: O Allo, Baio, Brandomil, Brandofñas, Carreira, Gándara, Lamas, Loroño, Mira, Muíño, San Cremenzo de Pazos, San Martiño de Meanos, Santa Sía de Roma, Santo Adrián de Castro, Vilar e Zas, e un total de 102 entidades de poboación. Os núcleos urbanos máis importantes son Baio, Zas e Brandomil.

O territorio é case chan e, salvo elevacións concretas, non supera os 300 m. de altitude sobre o nivel do mar. As elevacións máis importantes son o Pico de Meda (566 m.), o monte de Roma (472 m.), A Braña (403 m.), o monte da Piosa (401 m.) e o monte Borneiro (341 m.).

No Pico de Meda nacen os ríos de Mira e do Sixto que se unen formando o río de Baio. O río de Baio xúntase novamente co río de Zas e forman o río Grande, que desemboca na Ponte do Porto (Camariñas), despois de atravesar o concello de Vimianzo.

Pola parte sur do concello discorre o río Xallas que forma o embalse da Fervenza, que ocupa parte do concello, e logo desemboca no Ézaro (Dumbría).

1.1.2 Historia

O territorio do concello está habitado dende ben antigo, mostra desta afirmación son as abundantes mámoas e dolmens que hai ao longo do territorio, destacando o coñecido

como a Arca da Piosa na parroquia de Muíño.

En canto ao mundo castrexo no territorio do concello hai varios castros, destacando o de San Adrián e o de Brandomil.

A romanización chegou tarde pero dunha maneira moi intensa, no lugar de Brandomil houbo un asentamento mineiro romano, hoxe quedan restos desta presenza, entre eles un miliario e varias testemuñas epigráficas posteriores ao século II despois de Cristo.

A presenza xermánica foi moi importante, o propio nome do concello, que ten orixe xermánica (Sal>Saas>Zas), ou o do lugar de Roma fan referencia a explotacións agrícolas desta época. A presenza xermánica deixou outras pegadas na toponimia como Gomaríz, Gontalde ou Vilar Ramiro.

Durante a Idade Media as terras do actual concello de Zas estiveron baixo a xurisdición dos Condes de Altamira e da casa dos Lamas, orixinarios do Concello.

Hai varios exemplos de románico nas igrexas de Gándara ou Baio, de gótico en Zas, do renacemento no Allo e do barroco en Lamas.

Un dos monumentos máis importantes deste período é a ponte de Brandomil, de construción medieval pero de orixe romana.

A fidalguía deixou as súas pegadas en forma dos pazos que construíron. Destacan as Torres do Allo, de estilo manuelino, construídas no século XVI polo fidalgo Gómez de Rioboó.

Outros pazos do concello son o das Hedreiras, o de Romelle ou de Daneiro.

No século XIX a arquitectura civil deixou a súa pegada nas dúas pontes da vila de Baio, a da estrada C-550, coñecida como A ponte de Baio (1853) e a de Lodosa (1897), na Cacharosa, na estrada de Santiago de Compostela.

Do século XX son a nova igrexa parroquial de Baio (1982-1985) e no referente á arquitectura civil a Casa do Concello (anos 40) e as escolas Agra de Regueiro de Baio (1955).

1.1.3 Poboación¹

Homes	2.903
Mulleres	2.984
Total	5.887


	Total	Homes	Mulleres
Poboación de 0 a 9 anos	305	163	142
Poboación de 10 a 19 anos	421	225	196
Poboación de 20 a 29	739	387	352
Poboación de 30 a 39	814	412	402
Poboación de 40 a 49	874	441	433
Poboación de 50 a 59	797	430	367
Poboación de 60 a 69	735	371	364
Poboación de 70 a 79	709	298	411
Poboación de 80 a 89	407	151	256
Poboación de 90 a 99	81	23	58
Poboación de máis de 100	5	2	3

Por parroquias distribúese segundo as seguintes porcentaxes:

Parroquia	Total	Porcentaxe
Baio	1366	23,20
Zas	619	10,50
Meanos	609	10,34
Gándara	496	8,42
Lamas	399	6,77
Brandomil	309	5,24
Muíño	301	5,20
Mira	270	4,58
Vilar	267	4,53
Loroño	237	4,02
Carreira	231	3,92
S. Cremenzo de	221	3,75

¹ Fonte: Padrón municipal de habitantes. Data da consulta: 4/08/2009

Pazos		
O Allo	179	3,04
Castro	154	2,61
Brandoañas	121	2,05
Roma	108	1,83



1.1.4 Economía e industria²


As principais actividades do concello corresponden ao sector primario, xa que teñen grande importancia económica as explotacións agrícolas e gandeiras.

En Baio concéntranse a maior parte dos sectores secundario e terciario, destacando os concesionarios e talleres de automóviles, os establecementos de hostalaría e restauración e os comercios de téxtil.

En Zas hai unha feira os primeiros luns de mes e en Baio os segundos martes e os cuartos domingos.

² Fonte: IGE. Datos do ano 2007

Actividade	Núm. de empresas
Explotacións de gando bovino	413
Industria	40
Construción	113
Servizos	281



1.2. LINGUA

1.2.1 Área dialectal

Atendendo á clasificación dialectal da lingua galega proposta por Fernández Rei³, o concello de Zas sitúase nunha zona correspondente ao Bloque occidental e dentro deste a área fisterrá, subárea do Xallas.

A lingua galega falada no concello de Zas presenta as seguintes características correspondentes ao Bloque occidental:

- Plural en -an (s),(masculino e feminino)
- Gheada

³ Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*

- Seseo explosivo
- Cheísmo e teísmo
- Tí* como suxeito
- Metafonía de varios tipos: *ela*, *posto*, *neve*, *pædir*
- Vogal temática analóxica en *colleche(s)* e *colleste(s)*
- Vogal radical analóxica en *foche(s)* e *foste(s)*
- Formas con -n analóxico na P1: *cantein*, *don*, *von*, *estón*

No que respecta á área fisterrá presenta as seguintes características:

- Despalatalización do [ç] en [s]
- Aspiración do /s/ implosivo en [h]
- Restos de “voseo”
- P4 dos verbos en -nos
- P6 do perfecto en -no(n)

En canto á subárea do Xallas, presenta as seguintes características que a diferencian da subárea do Tambre, situada ao sur:

Subárea do Xallas	Subárea do Tambre
Muito, truita, nuite, cuiro	Moito, troita, noite, coiro
Pædir, pa'tria	Partir, patria
Cantás, cantabas, cantases	Cantades, cantábades, cantásedes
Collio, partio	Colleu, parteu
Cantein, cantén	Cantei, cantín
Conteio, conteino, deixouo, deixouno	Conteino, deixouno

1.2.2 Usos do galego


1.2.2.1 Datos comarcais. *A sociedade galega e o idioma (1992-2003)*

Analizaremos en primeiro lugar os datos recollidos na publicación *A sociedade galega e o*

*idioma (1992-2003)*⁴, na que se estudan e comparan datos acerca da lingua inicial, habitual, das competencias e das actitudes lingüísticas do período sinalado.


Este estudo agrupa os datos por conxuntos de comarcas. O conxunto no que inclúe ao concello de Zas é o denominado “A Coruña Occidental” que agrupa as seguintes comarcas: A Barcala, A Barbanza, Bergantiños, Terra de Soneira, Muros, Fisterra, O Sar, Noia e Xallas.

Atendendo á lingua inicial, nunha escala do 1 ao 5 (1 menos falantes de galego e 5 máis falantes de galego) os datos acerca das comarcas da Coruña occidental están no 5, é dicir, estamos diante dunha zona cun elevado número de persoas que teñen o galego como lingua inicial.





Analizando a lingua habitual nas comarcas que conforman o grupo da Coruña occidental obsérvase un uso do galego que se achega ao monolingüismo.

4 Monteaguo, E. E Lorenzo A. (dir.) (2005): *A sociedade galega e o idioma (1992-2003)*, Consello da Cultura Galega.



En canto as competencias, nesta zona tamén observamos un alto grao de competencias orais, é dicir a maior parte da poboación sabe falar e entende o galego. Se, pola contra, analizamos as competencias escritas, capacidade para ler e escribir en galego, baixan os niveis e situámonos na media de Galicia.





1.2.2.2 Datos do concello. *A Enquisa de condicións de vida das familias, 2001*

Para obter datos máis concretos referidos ao concello debemos acudir a *Enquisa de condicións de vida das familias*, do Instituto galego de estatística. Os datos que nos proporciona esta fonte son do ano 2001.

DESTREZAS

Idade 2001	Entenden	Falan	Len	Escriben
5 a 9	99,5	99	70,7	69,8
10 a 14	100	100	98,5	98,59
15 a 19	100	99,7	97,6	96,6
20 a 24	100	100	97,3	96,14
25 a 29	100	100	94,6	86,61
30 a 34	100	100	94,7	92,32
35 a 39	99,7	99,7	91,6	89,55
40 a 44	100	100	93,4	91,7
45 a 49	100	100	90,7	88,06
50 a 54	100	100	89,31	86,3
55 a 59	100	100	94,02	90,64
60 a 64	100	100	91,89	89,48
65 e máis	99,9	99,9	68,75	63,05
	99,93	99,87	90,24	87,6

USOS SEGUNDO IDADE

Idade	Sempre	Ás veces	Nunca
5 a 9	92,07	6,43	1,48
10 a 14	95,78	3,5	0,7
15 a 19	95,82	3,65	0,52
20 a 24	96,14	2,89	0,96
25 a 29	92,48	5,39	2,11
30 a 34	92,32	6,02	1,64
35 a 39	93,96	4,4	1,62
40 a 44	96,38	3,19	0,42
45 a 49	95,75	0,02	1,32
50 a 54	98,08	1,09	0,82
55 a 59	96,36	2,85	0,77
60 a 64	97,29	2,4	0,3
65 e máis	98,47	0,83	0,69
TOTAL	95,45	3,28	1,03

USOS SEGUNDO FORMACIÓN

	Sempre	Ás veces	Nunca
Sen estudos	98,9	0,38	0,32
EXB/ESO	97,58	1,84	0,57
Bach./FP II	93,86	4,55	1,57
Dipl./Lic.	85,29	11,27	3,43

1.3. TECIDO ASOCIATIVO DO CONCELLO DE ZAS⁵

O tecido asociativo do Concello de Zas está formado por un total de 46 entidades que abranguen distintos ámbitos como: asociacións de veciños, culturais, deportivas, de mulleres, etc.

1.3.1. Tecido asociativo por sectores

As asociacións relacionadas co mundo deportivo son 10, o que supón un 22% do total. Temos 5 asociacións deportivas propiamente ditas, 1 agrupación deportiva escolar, 1 peña de afeccionados do Deportivo da Coruña, 1 escola deportiva de baloncesto e 2 clubs de fútbol.

Relacionadas co mundo cultural temos un total de 7 asociacións, o que supón o 15% do

⁵ Téñense en conta as asociacións rexistradas na web <http://www.zasdixital.eu> na data 2/08/2009

total. Hai 6 asociacións culturais propiamente ditas e 1 asociación de artesanía.

Relacionadas co mundo xuvenil temos 2 asociacións, o que supón o 4% do total.


Relacionadas coas mulleres contamos con 3 asociacións, o que supón o 6% do total.

Divídense en 2 asociacións de amas de casa e 1 de mulleres rurais.

En relación aos pais e nais de alumnos temos un total de 3 asociacións que supoñen un 6% do total.

As asociacións de veciños son 20 e supoñen un 43% do total.

As asociacións relacionadas co ámbito empresarial son 2 e supoñen un total do 4%.



Distribución do asociacionismo no concello de Zas por sectores

Case a metade das asociacións do concello son asociacións de veciños. Este feito non é estraño xa que Zas é un concello extenso (131 quilómetros cadrados) e conta con 16 parroquias.

As asociacións deportivas son as que ocupan o segundo lugar. A tradición deportiva no concello de Zas ven de lonxe e os seus dous clubs de fútbol, o Sporting Zas e o Club Deportivo Baio (2º Rexional), son dous referentes futbolísticos na Costa da Morte. Até a tempada 2008-09 o equipo de baloncesto Agencia AM de Baio xogaba na máxima

categoría galega. Na tempada 2009-10 o equipo senior non competirá pero manteranse as categorías inferiores coa denominación de Escola de Baloncesto Baio.

Tamén hai asociacións relacionadas coa caza, coa pesca, co xadrez, etc.

As asociacións culturais ocupan o terceiro posto tendo en conta o número de entidades.

As asociacións culturais do concello de Zas actúan como verdadeiros revulsivos culturais da vida municipal. A Asociación Castro Meda organiza, entre outras actividades a Festa da Carballeira de Zas, importante referente para a música folk no que ano tras ano actúan os grupos máis representativos do panorama nacional e internacional. A Asociación Adro de Baio organiza cursos de música e baile tradicionais, festas populares e outras actividades.

Outras asociacións tamén se dedican á promoción da música, do baile ou da artesanía.

As asociacións relacionadas coas mulleres ocupan o cuarto posto na escala. Tanto as de amas de casa como a de mulleres rurais organizan cursos e actividades destinadas á formación das mulleres, á mellora da súa calidade de vida e a potenciar as políticas de igualdade.

As asociacións xuvenís, cun 4% do total ocupan o quinto posto na lista. Neste punto debe facerse referencia á Asociación Xuvenil Badius, que conta cun grupo de teatro que percorre os escenarios do circuito teatral galego dende a súa fundación.


As asociacións de empresarios tamén supoñen o 4% do total. O núcleo de Baio é dos máis industrializados da comarca, destacando o sector do automóbil, dos máis completos da provincia tanto pola cantidade de talleres como pola cantidade de marcas comerciais que podemos atopar. As feiras do automóbil de Baio que se desenvolven na primavera e no outono son os grandes referentes do vehículo usado de Galicia.

1.3.2 Tecido asociativo por parroquias

Hai 3 parroquias no concello que non contan con ningunha asociación: Brandofñas, Castro e Muíño.


Das outras a que conta cun maior número de asociacións é a de Baio, cun total de 19 (41%), seguida de Zas con 8 (19%), Carreira con 5 (12%), Meanos con 3 (6%), Vilar, Lamas e Loroño con 2 (4%) cada unha e O Allo, San Cremenzo de Pazos, Brandomil,

Mira e Gándara con 1 (2%) cada unha.




Tecido asociativo por parroquias

Observamos a tendencia de que a maior poboación existen un maior número de asociacións, excepto nos casos de parroquias como Carreira e Lamas, que teñen unha porcentaxe maior de asociacións que de poboación e de parroquias como Muíño e Gándara que, seguindo esta regra, deberían ter un maior número de asociacións.



Porcentaxes de poboación e asociacións

A maior diversidade no mundo asociativo prodúcese en Baio onde hai asociacións de todos os tipos, Zas tamén conta cunha ampla oferta aínda que non conta con ningunha asociación xuvenil nin de empresarios. No resto das parroquias o mundo asociativo está vinculado ás asociacións de veciños, agás en Meanos onde tamén existe unha asociación deportiva e outra de mulleres e Brandomil onde a única asociación existente é unha asociación cultural.



Asociacións por parroquias tendo en conta a actividade

2. DESTINATARIOS

A campaña está destinada a todas aquelas asociacións culturais, deportivas, xuvenís, veciñais, ANPAS, de mulleres e clubs deportivos que teñan a sede social no concello de Zas.

Non consideramos pertinente incluír nesta campaña ás asociacións de empresarios xa que se preparará unha campaña de dinamización lingüística específica para o mundo empresarial.

Achegamos unha listaxe das asociacións culturais, deportivas, xuvenís, veciñais, ANPAS, de mulleres e clubs de fútbol do concello de Zas que están rexistradas na páxina web <http://zasdixital.eu> o día 3 de agosto de 2009.

Esta listaxe é orientativa e poderán participar na campaña todas as entidades dos ámbitos citados que teñan a sede no concello de Zas.

NOME	ÁMBITO	ENDEREZO	TELÉFONO
Agrupación Deportiva Colexio Público de Zas	Deportivo	CPI de Zas. 15850. Zas	981708371
Agrupación Musical e Coral Xan Mella	Cultural	Baio. 15150. Zas	981718590
ANPA e amigos do Colexio Público de Baio	Asociación de Nais e Pais de Alumnos	Rúa Bispo Romero Lema, 86, 15150. Baio. Zas	981719163
ANPA El Pinar	Asociación de Nais e Pais de Alumnos	CPI de Zas. Avda. De Galicia. 15850. Zas	
ANPA Prado da Torre. Instituto de Baio	Asociación de Nais e Pais de Alumnos	Baio. 15150. Zas	981718465
Asociación Adro de Baio	Cultural	Baio. 15150. Zas	
Asociación de Amas de Casa de Baio	Amas de Casa	Rúa Vidal Ríos, 14. 15150. Baio. Zas	981718098
Asociación de Amas de Casa Virgen del Carmen de Zas	Amas de Casa	Agra dos Cregos, s/n. 15850. Zas	981751034
Asociación Amigos do Liño	Artesanía	A Cacharosa. 15150. Baio. Zas	981718596
Asociación de Baile Tradicional Churía	Cultural	Avenida de Galicia, 2. 15850. Zas	981751103
Asociación cabalar	Deportivo	Baio. 15150. Zas	
Asociación Comunidade Veciñal do Candal	Asociación de Veciños	A Andragalla. Lamas. 15150. Zas	981718571
Asociación Cultural Colexio Público de Zas	Cultural	CPI de Zas. 15850. Zas	981708371
Asociación Cultural Castro Meda	Cultural	Avenida de Galicia, 2. 15850. Zas	
Asociación Cultural No Ceo	Cultural	Brandomil. 15859. Zas	981737723
Asociación de Afectados Polos Parques Eólicos Fonte do Xardín	Asociación de Veciños	Carreira. 15855. Zas	981751267
Asociación de Caza San Roque	Deportivo	Rial. Meanos. Zas	

Asociación de Mulleres Rurais Saaz de Zas	Mulleres	Langeirón. Meanos. 15857. Zas	981737773
Asociación de Veciños A Fonte de Fornelos	Asociación de Veciños	Fornelos, 41. Baio. 15150. Zas	981719083
Asociación de Veciños A Rucheira	Asociación de Veciños	Lamas. 15150. Zas	
Asociación de Veciños As Torres de San Pedro do Allo	Asociación de Veciños	O Allo. 15150. Zas	
Asociación de Veciños de Meanos	Asociación de Veciños	Meanos. 15857. Zas	
Asociación de Veciños Gunterís	Asociación de Veciños	Gontalde. Mira. 15855. Zas	
Asociación de Veciños Pedra Alta	Asociación de Veciños	A Pedramaior. Carreira. 15855. Zas	
Asociación de Veciños Pedra do Corgo	Asociación de Veciños	Lg. Artón. Vilar. 15850. Zas	
Asociación de Veciños San Andrés de Zas	Asociación de Veciños	15850. Zas	981751110
Asociación de Veciños San Isidro	Asociación de Veciños	Quintáns. Gándara. 15149. Zas	981729418
Asociación de Veciños San Pedro	Asociación de Veciños	Vilar. 15150. Zas	981719329
Asociación de Veciños Santiaguíño de Carreira	Asociación de Veciños	Carreira. 15850. Zas	
Asociación de Veciños Torres de Romelle	Asociación de Veciños	San Adrián de Castro. 15856. Zas	981751121
Asociación de Veciños Tras da Sebes	Asociación de Veciños	Pazos. 15150. Zas	
Asociación Deportiva Río-Mar	Deportivo	Escolas Agra de Regueiro. Campo do Rollo. Baio. 15150. Zas	
Asociación Deportiva Su a Agra	Deportivo	Rúa Bispo Romero Lema, 15150. Baio. Zas	981718055
Asociación Rapa das Bestas	Asociación de Veciños	Carreira. 15855. Zas	981751267
Asociación Veciñal Barolo de Romelle	Asociación de Veciños	Romelle. 15856. Zas	
Asociación de Veciños Tabeirón	Asociación de Veciños	Campo do Rollo. Baio. 15150. Zas	981718418
Asociación Xuvenil Badius	Xuventude	Baio. 15150. Zas	981719091
Asociación Xuvenil Maruxa	Xuventude	Rúa Prado da Torre. Baio. 15150. Zas	
Club Deportivo Baio	Deportivo/Fútbol	Baio. 15150. Zas	
Comunidade Veciñal As Carballas	Asociación de Veciños	Rúa Herbales da Ponte. Baio. 15150. Zas	981718418
Escola Baloncesto Baio	Deportivo	Rúa Bispo Romero Lema, 25. 15150. Baio. Zas	
Federación de AA. VV. Pico de Meda	Asociación de Veciños	Lugar de Carreira. 15855. Zas	981751267
Nova Traída de Augas de Baio		Rúa Bispo Romero Lema, 15150. Baio. Zas	981718010
Peña Deportivista O Hórreo	Deportivo	Rúa Bispo Romero Lema, 15150. Baio. Zas	
Sporting Zas	Deportivo/Fútbol	Estrada de Santiago, 5, 2º. 15850. Zas	

3. OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos xerais

Como obxectivos xerais podemos marcarnos os mesmos que se marca o Plan Xeral de Normalización da Lingua galega nos ámbitos do asociacionismo e do deporte:

- a) Concienciar ás asociacións e colectivos sociais da pertinencia e necesidade de usar a lingua galega nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas, etc).
- b) Lograr que as asociacións e colectivos sociais continúen a ser axentes de promoción da lingua.
- c) Lograr que o galego sexa a lingua de comunicación co público nos estadios, pavillóns e eventos deportivos.
- d) Conseguir a plena galeguización nos colectivos e clubs do ámbito do deporte.
- e) Fomentar a presenza do galego na formación dos profesionais do deporte de xeito que teñan competencia e actitudes favorables para desenvolveren o seu labor en lingua galega.

3.2 Obxectivos específicos

- a) Aumentar os usos da lingua galega por parte do mundo cultural, asociativo e deportivo.
- b) Crear redes de apoio á lingua galega dentro do mundo sociocultural e deportivo.
- c) Facilitarlles aos sectores sociocultural e deportivo ferramentas informáticas e de xestión en lingua galega.
- d) Facilitarlles aos sectores cultural e deportivo modelos de documentación administrativa en lingua galega.
- e) Mellorar a eficacia das axudas públicas para acadar procesos duradeiros de galeguización das asociacións, club deportivos, etc.

4. ACTIVIDADES

En primeiro lugar producirase unha primeira toma de contacto cos representantes das distintas asociacións para presentarles o Servizo de Normalización Lingüística e o Proxecto de normalización da lingua galega no ámbito asociativo do concello de Zas.

Esta toma de contacto consistirá nunha carta do alcalde na que se lles presente o SNL, o proxecto e se lles invite a participar nel.

A carta irá acompañada dunha enquisa coa que se pretenden recabar os datos básicos da asociación (teléfonos, contacto, ámbitos de actuación, actividades que desenvolve, etc) e datos básico sobre o uso da lingua galega que nos permitan facernos unha primeira idea dos usos e das necesidades que ten a asociación.

Unha vez que teñamos procesados e estudados estes datos porémonos en contacto cos responsables das asociacións para ofrecerlles a posibilidade de asinar un convenio de colaboración entre o Concello de Zas e cada unha delas.

Mediante este convenio o SNL do Concello de Zas fará un estudo específico acerca do uso e das necesidades lingüísticas de cada asociación e proporía medidas para paliar as eivas detectadas e ofreceríalles asesoramento lingüístico (resolución de dúbidas, corrección de documentos, asesoramento á hora de solicitar subvencións doutras administracións, etc).

As asociacións, pola súa banda, comprometeranse a utilizar a lingua galega nas súas actividades cotiáns, nas actas, convocatorias, ordes do día e demais documentación interna, nas programacións, anuncios das actividades, etc, e a difundir entre os seus asociados as actividades relacionadas coa lingua galega que organice o Concello de Zas.

Calquera asociación poderá asinar o convenio de colaboración no momento no que o desexe.

No caso de que for necesario organizaríanse cursos de formación específicos para paliar as necesidades detectadas.

Regularmente enviaránselles as asociacións que asinaron o convenio de colaboración uns cuestionarios coa finalidade de que valoren o grao de cumprimento do mesmo e se se

acadan os obxectivos marcados. Cos datos destes cuestionarios elaborarase un informe no que se recolla o grao de cumprimento do convenio e o grao de consecución dos obxectivos marcados neste proxecto.

5. TEMPORALIZACIÓN

Setembro de 2009	Primeira toma de contacto: Carta do alcalde Enquisa básica
7 días despois do envío da carta	Chamada telefónica aos representantes das asociacións para comprobar que recibiron correctamente a comunicación
Outubro-Novembro de 2009	Recollida das enquisas, procesado dos datos
Novembro-Decembro de 2009	Contacto cos representantes das asociacións para propoñerlles a sinatura do convenio de colaboración
Xaneiro de 2010	Sinatura de convenios de colaboración
Febreiro-Maio de 2010	Elaboración dun estudo específico do uso do galego e das necesidades de cada asociación
A partir de maio de 2010	Asesoramento individual a cada asociación segundo as súas solicitudes e as necesidades detectadas
Setembro de 2010	Envío do cuestionario de avaliación
Outubro-Novembro de 2010	Procesado dos datos do cuestionario
Decembro de 2010	Primeiro informe acerca do grao de cumprimento do convenio e do grao de consecución dos obxectivos marcados no proxecto

6. RECURSOS

Precisaremos utilizar algúns dos recursos materiais que están a disposición do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Zas, entre eles:

- Espazo de traballo
- Ordenador
- Impresora
- Conexión á Internet
- Enderezo de correo electrónico
- Teléfono
- Liña de FAX
- Fotocopiadora
- Máquina de encadernación

Tamén deberemos utilizar material funxible, adquirido para a ocasión ou adquirido polo Concello para os seus usos internos pero utilizado especificamente para esta actividade:

- Follas de papel DIN A4
- Etiquetas adhesivas para envíos postais
- Sobres
- Carpetas
- Arquivadores
- Bolígrafos
- Toner de impresora
- Materiais de encadernación

Outros gastos:

- Envío de cartas e comunicacións escritas
- Chamadas telefónicas
- Envíos de Fax
- Realización de fotocopias
- Cartelaría e folletos divulgativos

7. ORZAMENTO

MATERIAL FUNXIBLE	
Follas de papel DIN A4	300
Etiquetas adhesivas para envíos postais	250
Sobres	150
Carpetas	200
Arquivadores	100
Material de escritorio	300
Consumibles de impresora	500
Materiais de encadernación	300
TOTAL	2100

OUTROS GASTOS	
Envío de cartas e comunicacións escritas	150
Chamadas telefónicas	500
FAX	100
Fotocopias	600
Cartelaría e folletos divulgativos	2000
TOTAL	3350

TOTAL GASTOS	
Material funxible	2100
Outros gastos	3350
TOTAL	5450

8. AVALIACIÓN

Regularmente enviaránselles as asociacións que asinaran o convenio de colaboración uns cuestionarios coa finalidade de que valoren o grao de cumprimento do mesmo e se se acadan os obxectivos marcados. Cos datos destes cuestionarios elaborárase un informe no que se recolla o grao de cumprimento do convenio e o grao de consecución dos obxectivos marcados neste proxecto.

Segundo se recolle no apartado da temporalización, realizarase un envío dos cuestionarios no mes de setembro de 2010, durante os meses de outubro e novembro de 2010 procesarase os datos recollidos e no mes de decembro de 2010 presentárase o primeiro informe acerca do grao de cumprimento do convenio e do grao de consecución dos obxectivos marcados no proxecto.

Realizaranse informes similares cunha periodicidade de seis meses.

ANEXOS

I. Carta do alcalde presentando a actividade

Estimado/a presidente/a:

A lingua constitúe a principal manifestación da identidade cultural dun pobo e o galego, como lingua propia de Galicia, constitúe o principal patrimonio da nosa comunidade e é unha sinal inequívoca de identificación con Galicia.

A Lei 3/1983 de normalización lingüística de Galicia, no seu artigo 25 dispón que as Corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

O Concello de Zas creou recentemente o Servizo de Normalización Lingüística para incrementar os usos e o prestixio da lingua galega en todos os ámbitos do termo municipal.

Unha das primeiras medidas é a de organizar unha campaña de normalización lingüística destinada as asociacións e aos clubs deportivos do concello.

Para coñecer as necesidades con respecto á lingua das entidades do concello de Zas é conveniente que conteste á enquisa que se lle achega con esta carta xa que segundo os datos que resulten do seu estudo proporémoslle a asociación que vostede preside as medidas máis adecuadas para incrementar os usos do galego e a calidade lingüística da mesma.

Para finalizar recórdolle que o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Zas está a súa disposición para solventar todas as súas dúbidas ou prestarlle o asesoramento lingüístico que precise

Zas, XX de setembro de 2009

O alcalde

Manuel Muíño Espasandín

II. Enquisa que se enviará ás asociacións

ENQUISA ACERCA DOS USOS DA LINGUA GALEGA POR PARTE DAS ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE ZAS

DATOS DE CONTACTO

Nome da asociación _____

Enderezo _____

Teléfono de contacto _____

Enderezo electrónico _____@_____

Páxina web _____

Persoa de contacto _____

Número de socios: _____

Ámbito:

Cultural

Deportivo

Asociación de veciños

ANPA

Mulleres

Outro: _____

Finalidades

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

Actividades principais que desenvolve

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

USOS DO GALEGO

1. Que lingua utiliza habitualmente nas súas actividades?

- Só galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Só castelán
- Outra: _____

2. Que lingua utiliza para a publicidade e a difusión das súas actividades?

	Só Galego	Máis galego	Máis castelán	Só castelán	Outra
Folletos					
Carteis					
Revista					
Páxina web					
Publicidade en xornais					
Publicidade na radio					
Publicidade na Internet					

3. O espazo web da asociación está en:

- Só galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Só castelán
- Outra: _____

4. A documentación interna da asociación (actas, convocatorias, ordes do día, etc)

redáctase en:

- Só galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Só castelán
- Outra: _____

5. A documentación destinada ás distintas administracións (Concello, Deputación, Xunta de Galicia, Seguridade Social, etc) está en:

- Só galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Só castelán
- Outra: _____

6. Conta con modelos de documentación en lingua galega?

- Si
- Non

7. Que lingua considera máis útil para o desenvolvemento das actividades da asociación?

- Galego
- Castelán
- Outra. _____

Indique os motivos:

8. Recibiu subvencións ou axudas nos últimos 3 anos para o fomento da lingua galega?

- Si
- Non

En caso afirmativo indique as actividades subvencionadas:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____

9. Conta con algún tipo de asesoramento lingüístico?

Si

Non

En caso afirmativo indique quen llo ofrece e en que consiste:

10. Como valoraría un servizo de asesoramento lingüístico para a asociación?

Moi importante

Importante

Pouco importante

Nada importante

III. Modelo de convenio

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE ZAS E A ASOCIACIÓN _____
PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

REUNIDOS:

Dunha parte D. _____, con DNI núm. _____,
_____ do Concello de Zas, con enderezo na Praza do Campo,
núm. 1, Zas, A Coruña, en representación do cal actúa.

Doutra parte D. _____, con DNI núm. _____,
_____ da Asociación _____, con
enderezo en _____, en representación da
cal actúa.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para
subscribiren este convenio.

EXPOÑEN:

1. Que o artigo 25 da Lei 3/1983. de normalización lingüística de Galicia, establece que
as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego
nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

2. Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no
Parlamento de Galicia no ano 2004, marcaba como obxectivos xerais do Sector 6, Área 4,
referidos ao asociacionismo, os seguintes:

-Concienciar as asociacións e colectivos sociais da pertinencia e necesidade de usar a
lingua galega nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas, etc).

-Lograr que as asociacións e colectivos sociais continúen a ser axentes de promoción da
lingua.

E como obxectivos específicos da mesma área:

-Atraer as entidades sociais ao uso do galego nas súas actividades específicas.

-Mellorar a eficacia das axudas públicas priorizando os procesos duradeiros de
galeguización das asociacións.

-Mellorar a coordinación da Administración cos axentes promotores da normalización da
lingua galega evitando que se utilice a lingua como área de discordia.

3. Que o Concello de Zas pretende acadar unha maior promoción e uso da lingua galega
no concello polo que considera preciso establecer unha colaboración coas entidades
cidadás que participan neste proceso.

4. Que a asociación _____ é unha entidade sen ánimo de
lucro, rexistrada na Consellaría de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia o día ___ de
_____ de _____, co número _____.

5. Que o Concello de Zas e a asociación _____ desexan establecer unha
colaboración, co obxectivo de acadar unha maior promoción e uso da lingua galega, que
se resume neste convenio e que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA

A asociación _____ comprométese a utilizar a lingua galega nas súas actividades cotiáns, nas actas, convocatorias, ordes do día e demais documentación interna, nas programacións, anuncios das actividades, etc.

SEGUNDA

A asociación _____ comprométese a difundir entre os seus asociados as actividades relacionadas coa lingua galega que organice o Concello de Zas.

TERCEIRA

O Concello de Zas, a través do Servizo de Normalización Lingüística comprométese a :

1. Asesorar en materia lingüística á asociación.
2. Elaborar un estudo de usos e necesidades lingüísticas da asociación.
3. Facilitarlle os materiais e modelos de documentos que a asociación precise para cumprir coas condicións acordadas neste convenio.

CUARTA

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Zas fará un seguimento do cumprimento dos compromisos das cláusulas primeira e segunda.

QUINTA

Calquera cambio nas cláusulas deste convenio estará supeditado ao acordo entre as partes.

SEXTA

Este convenio terá unha duración anual prorrogable automaticamente, sempre e cando non sexa denunciado por unha das partes cunha antelación de polo menos un mes antes do seu vencemento.

O convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura.

SÉTIMA

Para o non previsto expresamente neste convenio terase en conta o disposto na lexislación vixente sobre contratos das administracións públicas.

Como proba de conformidade as dúas partes subscriben este convenio, por duplicado e para un só efecto, no lugar e na data que se indican a seguir.

Zas, ____ de _____ de 20__

(Concello)

(entidade)

selo

selo